

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. 2023-2024

Con carácter xeral os membros do departamento aplicaremos os seguintes **criterios de cualificación** do alumnado:

1º, 2º 3º e 4º ESO

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 60% coa posibilidade de facer, a criterio do/da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 60%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e **exercicios** dentro ou fóra da aula suporán un 20% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar os cadernos dos alumnos coas notas e apuntamentos recollidos na aula, así como outras actividades escritas regulares ou de carácter puntual.
- A correcta **expresión oral** e o interese participativo na aula significará un 10% da cualificación. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc. O non emprego do galego na aula descontará puntuación neste apartado.
- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total.

1º BACHARELATO

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 70% coa posibilidade de facer, a criterio da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 70%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e **exercicios** dentro ou fóra da aula suporán un 20% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar actividades escritas e orais regulares ou de carácter puntual. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc. O non emprego do galego na aula descontará puntuación neste apartado.

- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total.

2º BACHARELATO

- Os **exames** ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un **90%** coa posibilidade de facer, a criterio da docente, dous ou máis parciais cuxo resultado final sexa o devandito 90%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame. Este 90% estará distribuído da maneira que sinalamos a continuación na seguinte táboa:

90%	70%	50% contidos gramaticais
		20% contidos de sociolingüística
	20%	contidos literarios

- Así mesmo o **libro de lectura** proposto para a primeira avaliación contará un **10%** da cualificación total, nos restantes trimestres ese 10% representarao a entrega dun **comentario de texto** completo segundo os criterios establecidos pola CIUG.
- Aquel alumnado que teña unha cualificación positiva no trimestre poderá, de xeito opcional, para subir a súa cualificación un máximo dun punto, realizar unha exposición oral coidada e elaborada sobre un tema proposto previamente na aula. Tema que se consensuará entre a profesora e o alumnado.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios anteriores, sempre desde a óptica da profesora, coñecedora da traxectoria de cada alumno/a.

A aprendizaxe será progresiva, nun sistema de avaliación continua. En todo caso, os alumnos que non superen algunha das avaliacións ou todas no final do curso



poderán ser convocados a unha proba global ou referida aos contidos dunha avaliación. Se a aprobaren, os alumnos terán superada a materia correspondente.

A corrección na expresión: Igual que nos demais niveis será de rigor unha correcta expresión tanto oral como escrita na nosa lingua. Polo tanto, nas probas escritas que se realicen, tanto de clase como exames, así como traballos, a puntuación verase afectada polas faltas de ortografía, expresión e redacción. Poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos.

O **baremo** que se aplicará para **1º e 2º de bacharelato** será o seguinte (marcado pola CIUG):

- Por cada erro moi grave (aquele que atente contra o sistema lingüístico): 0,2 puntos.
- Por cada erro grave (solución contraria ás convención ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos.
- Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

O **baremo** que se aplicará para **ESO** será máis flexible e é o que segue: Por cada erro grave (aquele que atente contra o sistema lingüístico ou solución contraria ás convención ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos. Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

Cómpre contemplar dous aspectos: por un lado os criterios de cualificación dun exercicio concreto, e por outro o sistema seguido ao longo do curso a través das diferentes avaliacións.

Con respecto ao primeiro, todo pode e debe ser, en principio, avaliábel por parte do profesorado, quer os exercicios escritos, quer as intervencións orais de aula. O profesor levará conta da actitude de cada alumno, non necesariamente de forma numérica, o que terá a súa incidencia nas cualificacións dos diferentes exames ou probas –orais ou escritas– que se realizaren. As cualificacións, en calquera caso, incidirán no grao de competencia do alumnado, mais tamén na actitude, no grao de madurez expresiva e comprensiva e nos valores que se integran nos contidos transversais.



Agás as excepcións que houber, procuraremos a realización de dúas probas de coñecemento por cada período de avaliación, sen que por sistema haxa recuperación de cada unha delas. Como se comprende que a aprendizaxe ha ser progresiva, tamén a avaliación debe ser entendida como continua, de xeito que o alumado poida superar progresivamente os contidos non superados antes, e isto sen que se supoña a repetición da proba. De calquera xeito, os/as alumnos/as poderán superar diferentes partes da materia nas probas que se realizaren ao final do curso.

A cualificación final do trimestre será o resultado da media aritmética (sen decimais, aproximando á unidade segundo o método común de redondeo, cifra decimal inferior a 5 a cifra da unidade queda como está, se o decimal é igual ou superior a cinco á cifra das unidades sumaráselles unha unidade) da nota obtida.

*Aquel discente que copie en traballos ou probas escritas, estas serán valoradas cun 0 e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas nela.

Departamento de Lingua Galega e Literatura
IES A Sardiñeira